

Fragmento: "O galego na escola no 1970"

Nunha terra, como a nosa, onde a Lei escrita ten mais forza que a razón e que o senso común, pódense calificar como acontecementos extraordinarios ocorridos no ano 1970 o da aprobación polas Cortes Españolas do uso das lingoas vernáculas en tódolos grados do ensino e a publicación do libro sobre a «Planificación de la educación en Galicia» no que se afirma textualmente que «Existe una lengua y una importantísima cultura popular en Galicia, y hay que tenerla en cuenta a todos los niveles», e que «En las regiones biligües se podrán completar estos conocimientos lingüísticos con el estudio de la lengua vernácula respectiva».

Así pois atopámonos con que, deica agora, había no Maxisterio galego tres crases de escolantes: primeiro, os esautos cumpridores das leises que prescindían totalmente do idioma galego nas suas escolas; segundo, os que disimuladamente se valían do galego pra poder ensinar ós nenos que somentes coñecían a sua lingua nai, e terceiro, os que abertamente e con plena concencia do que facían ensinaban o castelán ó traveso do galego, tarefa na que, por certo, abundaban mais os escolantes alleos a Galicia que os naturaes do país.

Por outra parte, os remisos alegaban non ter libros axeitados pra ensinar o galego como se esto poidera ser un argumento válido despoixas da campaña que se fixo contra do uso e abuso dos textos escolares no ensino.

Isas duas pexas desapareceron cas devanditas disposicións oficiaes e ca pubricación dos primeiros libros escolares en galego.

Ainda así, moito me temo que tanto os escolantes como os Inspeutores renuentes non se decidirán a empregar o galego nas escolas agardando a que polo Ministerio se dicten as normas correspondentes e dende Madrid lles digan ce por be cándoo, a qué hora e de qué maneira se poderá ou deberá ensinar o galego tendo en conta as previsiós do home do tempo, non vaia selo diaño que logo os acusen de galeguistas se non toman tódalas precauciós e se atean a «lo mandado por la Superioridad» con maiúscula e todo.

Apesares do meu alonxamento de Galicia teño noticias de que son moitos os mestres que traballan nas suas escolas cos novos libros galegos e que acadan os bós resultados que eran de agardar.

O ano 1970 foi o primeiro, dende que hai ensino oficial, no que se prauticóu nas escolas galegas o ensino da lingua vernácula xa sin medo ós superiores incomprensivos e ás disposicións prohibitivas anterioes. Foi o ano da decrúa. Níl encetouse unha laboura escolar de longo tempo agardada e que terá de dar froitos escelentes si se leva feito con fe, con agarimo e con verdadeira vocación e axeitada preparación de escolante entregado á sua profesión e á sua terra.

(En *Galicia ano 70*, Celta, Lugo, 1971)